


O TEXTO POÉTICO




Era unha vez
un rei e unha raíña,
romperon un ovo
que había na cociña,
fritiron un poema,
enchérono de crema
e sabéndolles a gloria
rematou esta historia.

A **linguaxe poética** transmite **emocións** e crea **sensacións**, por iso **xoga** cos **significados** das **palabras** e cos **recursos estilísticos**. As palabras están escollidas polas súas **connotacións** (**significado subxectivo** asociado aos termos por **razóns culturais** ou **emocionais**; oponse á **denotación** que se refire ao **significado obxectivo** dun termo).

Exemplo:

♣ O Sol é unha estrela arredor da que gravita a Terra.
(Significado **denotativo**:
significado **obxectivo** do termo)



♣ Es un sol!!! (Significado **connotativo**:
significado subxectivo por motivos emocionais
ou culturais). É unha **metáfora**, recurso
estilístico que establece unha relación de
semellanza entre algunha calidade de dous
termos (un real ☀ e outro imaxinario: esa
persoa encantadora á que adoras polo seu
carácter afable).

O **texto poético** presenta unha serie de **características** na súa **forma**: versos, medida, estrofas e rima, que o diferencian respecto doutro tipo de textos. Ademais, os poemas caracterízanse polo uso dunha lingua adornada con recursos estilísticos...

Temáticas

Poesía intimista

A voz poética afonda nos seus sentimentos: o amor (ou desamor), a felicidade, a morte, a brevidade da vida; a nostalgia da infancia como paraíso perdido...

Poesía cívica ou social

A protesta e a denuncia ante as inxustizas sociais e os abusos do poder, a reivindicación lingüística...

Poesía paisaxística


A voz poética ofrece unha visión persoal da paisaxe (unha rúa, o mar...) que a emociona pola súa beleza ou polos sentimentos e lembranzas que espertan nela...

Poesía costumista

A voz poética é a dun personaxe popular que describe un costume, un labor, unha celebración, unha crenza tradicionais...



Ao longo da historia da literatura repítense unha serie de **temas** ou **tópicos**: a angustia pola brevidade da vida (TEMPUS FUGIT); a necesidade de aproveitar o momento (CARPE DIEM); a invitación á mocidade para que aproveite a súa xuventude e beleza antes de que murchen como as rosas (COLLIGE, VIRGO, ROSAS)...



RECURSOS ESTILÍSTICOS

Son **procedementos** propios da **linguaxe literaria**, que **crean** certas **impresións sensoriais, rítmicas** ou **mentais** que constitúen un reto para o lector, pois este ten que descifralas para gozar plenamente da beleza do poema.

Recursos estilísticos fónicos

Aliteración

Repetición dun mesmo son nun ou en varios versos.

Pende en que pende
Penélope pensativa

Álvaro CUNQUEIRO, *Herba aquí e acolá* (1980)

Recursos estilísticos rítmicos

Anáfora

Repetición dunha ou varias palabras ao comezo dos versos.

Por amor nacín da terra.
Por amor son o que son.
Por amor canto o meu canto,
por amor.

Darío X. CABANA, «Cantigas do setenta».
En: Fran ALONSO, *Poetízate* (2006)

Xeminatio

Repetición dunha ou varias palabras seguidas.

Cando vos oio tocar
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Rosalía de CASTRO, *Cantares gallegos*
(1863)

Recursos estilísticos semánticos (relacionados co significado)

Antítese

Emprego de termos de significado contrario para destacar máis un deles pola oposición ao outro.

Agora cabelos **negros**,
máis tarde cabelos **brancos**.

Rosalía de CASTRO, *Follas Novas* (1880)

Epíteto

É un adxectivo, normalmente anteposto, que destaca unha calidade que xa é propia do substantivo.

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras.

Rosalía de CASTRO, *Follas Novas* (1880)

Hipérbole

Esaxeración que pretende provocar unha emoción ou a burla.

Cando Eduardo Pondal
a unha ventana se asoma,
sal narís, narís, narís,
e a cara **de alí a unha hora**.

Eduardo PONDAL, *Queixumes dos pinos* (1886)

Metáfora

Asociación entre dúas realidades (A e B) que gardan semellanza, feita de maneira que se produce unha identificación entre elas.

A metáfora é impura cando aparecen citadas as dúas realidades no poema, A e B.

A metáfora é pura cando B substitúe a A.

Metáfora impura:

A noite (A) é lágrima inmensa de sombra (B)
que escorre sobre a campía. (A e B)

A noite, lágrima inmensa de sombra
que escorre sobre a campía. (A, B)

A lágrima inmensa de sombra da noite. (B de A)

Metáfora pura:

A lágrima inmensa de sombra
escorre sobre a campía. (só B)

Aquilino I. ALVARIÑO, *Corazón ao vento* (1933)

Metonimia

Substituír un elemento por outro co que se relaciona por proximidade (continente polo contido, instrumento por quen o usa, lugar polo produto, autor pola obra...).

Aquí che deixo, meu **peito** canso,
aquí che deixo,
aquí che deixo neste branco papel trillado,
neste percuo das horas.

María MARIÑO, *Verba que comeza* (1990)

Símil ou comparación



Personificación

Atribuír características propias de seres animados ou humanos a elementos que non o son.

Laiábanse as follas murchas
embaixo do meu trepar.

Eduardo BLANCO AMOR, *Romances galegos* (1928)

Simil ou comparación

Asociación de dous termos que gardan algunha semellanza.

Soa o mar coma un pandeiro
nos cons da costa baruda.

Amado CARBALLO, *Proel* (1924)

VERBOS IRREGULARES

En xeral, os **verbos irregulares** presentan **dous lexemas**, un para o tema de presente e outro para o tema de perfecto. Porén, existen máis irregularidades.

Verbo	Presente indicativo	Presente subxuntivo
<i>dicir</i>	<i>digo</i>	<i>diga, digas, diga...</i>
<i>facер</i>	<i>fago</i>	<i>faga, fagas, faga...</i>
<i>poñer / pór</i>	<i>poño</i>	<i>poña, poñas, poña...</i>
<i>ter</i>	<i>teño</i>	<i>teña, teñas, teña...</i>
<i>valer</i>	<i>vallo</i>	<i>valla, vallas, valla...</i>
<i>ver</i>	<i>vexo</i>	<i>vexa, vexas, vexa...</i>
<i>vir</i>	<i>veño</i>	<i>veña, veñas, veña...</i>

– Presentan lexemas distintos para o presente de indicativo e subxuntivo.

Verbo	Presente indicativo	Presente subxuntivo
<i>dar</i>	<i>dou, dás, dá...</i>	<i>dea, deas, dea...</i>
<i>haber</i>	<i>hei, has, ha...</i>	<i>haxa, haxas, haxa...</i>
<i>ir</i>	<i>vou, vas, vai...</i>	<i>vaia, vaías, vaia...</i>
<i>poder</i>	<i>podo, podes, pode...</i>	<i>poida, poidas, poida...</i>
<i>querer</i>	<i>quero, queres, quere...</i>	<i>queira, queiras, queira...</i>
<i>saber</i>	<i>sei, sabes, sabe...</i>	<i>saiba, saibas, saiba...</i>
<i>ser</i>	<i>son, es, é...</i>	<i>sexa, sexas, sexa...</i>

- No **tema de futuro** (futuro e pospretérito de indicativo) só son irregulares os verbos *fac* e *dic*: *farei, faría / direi, diría*.
- Son irregulares no **copretérito** de indicativo os verbos *ser, ter, pór* e *vir*: *era, eras, era... / tiña, tiñas, tiña... / puña, puñas, puña... / viña, viñas, viña...*
- Son irregulares no **tema de perfecto** (pretérito e antepretérito de indicativo e pretérito de subxuntivo):

Verbo	Lexema	Pretérito indicativo	Antepretérito indicativo	Pretérito subxuntivo
<i>caber</i>	<i>coub-</i>	<i>couben, coubeches...</i>	<i>coubera, couberas...</i>	<i>coubese, coubeses...</i>
<i>dicir</i>	<i>dix-</i>	<i>dixen, dixeches...</i>	<i>dixera, dixeras...</i>	<i>dixese, dixeses...</i>
<i>estar</i>	<i>estiv-</i>	<i>estiven, estiveches...</i>	<i>estivera, estiveras...</i>	<i>estivese, estiveses...</i>
<i>fac</i>	<i>fix-</i>	<i>fixen, fixeches...</i>	<i>fixera, fixeras...</i>	<i>fixese, fixeses...</i>
<i>haber</i>	<i>houb-</i>	<i>houben, houbeches...</i>	<i>houbera, houberas...</i>	<i>houbese, houbeses...</i>
<i>poñer / pór</i>	<i>pux-</i>	<i>puxen, puxeches...</i>	<i>puxera, puxeras...</i>	<i>puxese, puxeses...</i>
<i>querer</i>	<i>quix-</i>	<i>quixen, quixeches...</i>	<i>quixera, quixeras...</i>	<i>quixese, quixeses...</i>
<i>saber</i>	<i>soub-</i>	<i>souben, soubeches...</i>	<i>soubera, souberas...</i>	<i>soubese, soubeses...</i>
<i>traer</i>	<i>troux-</i>	<i>trouxen, trouxeches...</i>	<i>trouxera, trouxeras...</i>	<i>trouxese, trouxeses...</i>
<i>ter</i>	<i>tiv-</i>	<i>tiven, tiveches...</i>	<i>tivera, tiveras...</i>	<i>tivese, tiveses...</i>

Tamén hai **irregularidades** no **participio**. Nalgúns verbos irregulares o participio é unha forma irregular (dito, feito, posto, visto, vindo). Alén destes, os verbos *abrir, cubrir, escribir* e os rematados en *-solver* (e derivados) teñen participios irregulares: *aberto, reaberto, escrito, resolto...* Exemplos: *Esa xuíza ten reaberto moitos casos sobre violencia de xénero. Téñoche dito moitas veces que iso non é posible.*

Noutros casos, os verbos presentan un **dobre participio**: unha forma regular e outra irregular. Cómpre destacar que a **forma regular** se emprega nas **perífrases** cos verbos **dar, levar e ter**; neste caso só se emprega a forma de masculino singular. Tamén se usa a forma regular nas **perífrases pasivas**, se ben neste caso o participio concorda en xénero e número co suxeito. Exemplo: *Non dou acendido o lume. Teño visto cousas ben peores.*

No resto dos contextos a forma máis frecuente é a irregular: *Cando entrei a luz xa estaba acesa.*

Verbo	Participio regular	Participio irregular
<i>acender</i>	<i>acendido</i>	<i>aceso</i>
<i>aflixir</i>	<i>aflixido</i>	<i>aflito</i>
<i>ceibar</i>	<i>ceibado</i>	<i>ceibo</i>
<i>coller (acoller, encoller, desencoller, escoller, recoller)</i>	<i>collido</i>	<i>colleito</i>
<i>comer</i>	<i>comido</i>	<i>comesto</i>
<i>descalzar</i>	<i>descalzado</i>	<i>descalzo</i>
<i>cansar</i>	<i>cansado</i>	<i>canso</i>
<i>enxugar</i>	<i>enxugado</i>	<i>enxoito</i>
<i>erguer</i>	<i>erguido</i>	<i>ergueito</i>
<i>espertar</i>	<i>espertado</i>	<i>esperto</i>
<i>fixar</i>	<i>fixado</i>	<i>fixo</i>
<i>fritir</i>	<i>fritido</i>	<i>frito</i>
<i>imprimir</i>	<i>imprimido</i>	<i>impreso</i>
<i>inserir</i>	<i>inserido</i>	<i>inserto</i>
<i>nacer</i>	<i>nacido</i>	<i>nado</i>
<i>pagar</i>	<i>pagado</i>	<i>pago</i>
<i>prender</i>	<i>prendido</i>	<i>preso</i>
<i>romper</i>	<i>rompido</i>	<i>roto</i>
<i>secar</i>	<i>secado</i>	<i>seco</i>
<i>volver (avolver, desenvolver, envolver, revolver)</i>	<i>volvido</i>	<i>volto</i>

HIPERONIMIA E HIPONIMIA

Un dos procedementos máis empregados para non repetir palabras na redacción dun texto é o da **sinonimia**, pero ademais temos outras opcións, como a **hiperonimia** ou a **hiponimia**.

A **hiponimia** é a **relación de significado** que se establece entre un lexema máis específico (automóbil, moto ou coche) e outro máis xeral (vehículo). O **lexema específico** chámase **hipónimo**: Automóbil, moto e coche son hipónimos de vehículo.

A **hiperonimia** é a relación inversa, a que se dá entre un lexema máis xeral (vehículo) e outro máis específico (automóbil, moto ou coche). O lexema xeral denomínase **hiperónimo**: Vehículo é hiperónimo de automóbil, de moto e de coche.

EXERCICIO

Reescribe os enunciados substituindo os hiperónimos en grosa polos hipónimos que mellor conveñan:

☺ Encarta a roupa para gardala no **moble** do teu cuarto:

☺ Na escena do crime había unha **arma** chea de pegadas do asasino:

☺ Xantaron nun **establecemento** con decorado nun estilo minimalista:

☺ O vento rompeu as **flores** que tiña súa nai colgadas na terraza: